

Recomendación dirixida ao Concello de Abadín debido a unha barreira que impide á accesibilidade dunha casa

Expediente: C.6.Q/26332/17

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] referente á barreira que impide á accesibilidade dunha casa.

#### ANTECEDENTES

1. Anteriormente coñecérase a queixa promovida pola afectada, [REDACTED], que sinalaba que co recrecemento da estrada local que pasa ao carón da súa casa creouse unha barreira que impide a accesibilidade.

Mais adiante asinaron queixa case 60 veciños apoiando a reclamación da afectada. Sinalaron que presentan un proxecto que consideran viable.

2. A valedora falou co alcalde para reclamar unha solución adecuada ao problema de accesibilidade e danos ou riscos provocados pola actual configuración da estrada. Mostrou a súa disposición e indicou que tentaran solucións concretas, pero non se chegara a un acordo. Ademais sinalou unha serie de inconvenientes técnicos relativos á vivenda.

Á vista de que os argumentos aportados eran de carácter técnico, especialmente os relativos á adaptación razoable e a forma de realizala, indicamos que se aportara un sinxelo análise técnico coas actuacións que consideraban necesarias. Enviouse coas novas queixa.

3. O concello respondeu por medio do seu alcalde, que persoalmente transmitiu que tentaría poñerse en contacto co redactor do proxecto para tratar as posibles afectacións de terceiros.

Indicamos que o que parecía mais adecuado era que os promotores das queixas e o proxectista se puxeran en comunicación directa co concello, de tal forma que comecen as

conversas para poder arranxar o problema. O alcalde comprometeuse a tratar sobre a execución do proposto e a solucionar os puntos que poden ser controvertidos.

Co anterior o previsible era que o problema se solucionara. Indicamos aos reclamantes que se non fora así poderían acudir novamente a esta institución.

4. Iso foi o que pasou co novo escrito. O alcalde de Abadín “deu largas ao asunto das anteriores queixas, a obra non se fai e o tema vai esmorecendo”. Sinala que primeiro foi unha cuestión técnica. Presentaron un proxecto dun arquitecto. “Quedaba clara a necesidade e a viabilidade das obras”. Logo dicía que tiña unha arquitecta cunha posición distinta á do informe. Non a presentou cando se lle propuxo que arranxaran o asunto entre os dous. Despois foi que non coñecía ó arquitecto que elaborou o proxecto. Resultou ser o arquitecto que practicamente todas as semanas vai ó concello de Abadín. Por último, como condición para poder seguir, indicouse a necesidade de falar co alcalde.

Aceptou a xuntanza e quedaron os dous. Coincidiron na necesidade e na viabilidade dunha saída para o problema; non se vían atrancos porque a obra era facilmente asumible xa que o concello “ten moita liquidez nas contas”. Quedaron en que ía falar co arquitecto e buscar a solución tan pronto como viñera o bo tempo.

Foron pasando os días e decidiu a mediados do verán chamar ao alcalde para recordarlle o asunto e ningunha das veces contestou. Fixo o mesmo por wassap e tivo a mesma resposta. E así ata hoxe. E pasou o verán.

██████████ vai seguir coas barreiras diante da casa e cada vez máis amargada e cos problemas de fai un ano agravados. Reclama que o Concello de Abadín tiren as barreiras arquitectónicas que o concello foi levantando diante da casa de ██████████.

5. Ante iso requirimos información a ese concello, que nola remitiu. Recibiuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirlle da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución. No informe sinálase o seguinte:

“Indicarlle primeiramente como xa se fixo persoalmente a ██████████ na xuntanza á que fai mención, que os técnicos son para desenvolver o seu traballo, e son especialistas na súa materia, e o Concello e como non podía ser doutra maneira, os contrata para o desenvolvemento do seu traballo. A barreira á que fai referencia ██████████ é unha estrada municipal, non unha beirarrúa, nin ningún outro tipo de construción, por

consequente os posibles problemas relacionados coa mesma, son competencia dun enxeñeiro de camiños, canles e portos. O proxecto de mellora de dita estrada foi realizado por un técnico con esa titulación. Dita obra foi subvencionada nun Plan da Xunta de Galicia, e consecuentemente supervisada por esta administración. O Concello sempre valora o que din os técnicos na materia por encima de calquera outra valoración. Existe outra matización moi importante que di ██████████ na cal fai referencia que o arquitecto municipal é o que asina a valoración, debendo informarlle que: dita información é inexacta ou incerta. O arquitecto municipal é ██████████, o cal non figura en ningún informe aportado por ██████████, o cal indica o seu descoñecemento. Reitero que si os informes son favorables dun técnico competente na materia, que si os veciños afectados por dita obra están conformes e si as dispoñibilidade económicas o permiten, a disposición do Concello será total”.

## ANÁLISE

1. Do exposto dedúcese o concello segue sen concretar as labores pendentes para corrixir a barreira creada coas obras da estrada. O concello fai mención a que as obras executáronse de acordo cun proxecto, o que non é óbice á creación con elas da barreira que se menciona nas numerosas queixas promovidas. Ademais, o propio concello en ningún momento nega a existencia e a orixe da barreira que tratamos.
2. Venceu o prazo para as adaptacións razoables. O Real Decreto Legislativo 1/2013, na súa disposición adicional terceira, propón unha serie de obxectivos e prazos, e como prazo máximo fixa o 4 de decembro de 2017. A pesares diso persisten moitos casos de falta de accesibilidade, como o da presente queixa. As insistentes reclamacións resultan razoables.
3. A mellora progresiva da accesibilidade acotío condiciónase polas dispoñibilidades orzamentarias, especialmente nas administracións de menor tamaño e recursos. Porén, debe afirmarse a necesidade dunha política pública de apoio integral ás persoas con discapacidade como derivación básica do Estado Social e Democrático de Dereito (art. 1.1 CE) e do dereito do artigo 49 da Constitución Española. Do Texto Fundamental e do resto do ordenamento derívanse dereitos subxectivos das persoas con diversidade funcional, que precisan que as obrigas de accesibilidade se traduzan en realidades.
4. As persoas que reclaman por esta omisión do concello demandan a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns

(art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles os concellos, teñen a obrigaón principal de protexer o dereito mencionado, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

## CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Abadín a seguinte recomendación:

*Que con urxencia se realice a adaptación pendente, que resulta viable e razoable, e que ademais é consecuencia dunha actuación anterior nunha estrada municipal.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo